

PAU 2025

CONVOCATORIA ORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS

(Cód. 55)

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas de forma global, ata un máximo de **1 punto**.

PREGUNTA 1. Bloque 2. Visión, realidade e representación. (Ata 4 puntos).

1.1. *Lea atentamente o seguinte texto e explique o sentido da arte na obra artística de inicios do século XX. (2 puntos).*

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión da cita de Apollinaire, ata 0,5 puntos.

Diferenza entre a arte tradicional e a arte de pensamento cubista.

Comprensión do sentido dos conceptos “realidade concebida” e “realidade creada” no texto.

- Identificación e explicación das características do cubismo, ata 0,75 puntos.

Principais características do cubismo (fragmentación de formas, uso de diferentes perspectivas, xeometrización).

Relacionar as características do cubismo co texto de Apollinaire. Capacidade de análise e reflexión.

- Exemplos de artistas e obras cubistas, ata 0,5 puntos.

Inclúe exemplos relevantes de artistas cubistas como Picasso, Braque ou Juan Gris.

Inclúe exemplos de obras cubistas como os retratos cubistas de Braque ou os collage de Picasso.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redacción, ata 0,25 puntos.

1.2. *Sendo vostede guía en prácticas no MoMA de Nova York, debe explicar o sentido do cubismo a un grupo de turistas xaponeses, perplexos ante a obra Les Demoiselles d'Avignon de Pablo Picasso. (2 puntos)*

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión y análisis visual de la obra, ata 0,5 puntos.

Expoñer as principais características da obra pictórica.

Sinalar elementos clave, como a influencia da arte africana e a distorsión do corpo das figuras.

Sinalar o uso de diferentes perspectivas simultáneas, caras e corpos descompostos.

- Contextualización histórica y artística, ata 0,75 puntos.

Destacar a obra dentro do movemento cubista e a relación co arte precedente e o posterior.

Sinalar a importancia de *Les Demoiselles d'Avignon* na evolución da obra de Picasso hacia o cubismo.

Explicar cómo *Les Demoiselles d'Avignon* representa un punto de inflexión na historia da arte, marcando o paso do modernismo ao cubismo. Tratar sobre a obra de Picasso como precursor do cubismo analítico e sintético, así como das influencias recibidas dos artistas postimpresionistas e da arte africana.

- Reflexión crítica y análisis conceptual, ata 0,5 puntos.

Reflexiona sobre o significado e a innovación da obra.

Comentar as emociones ou sensacións que *Les Demoiselles d'Avignon* poden provocar no espectador polo o estilo da obra.

Tratar a capacidade de Picasso para transforma a representación da figura humana nalgún conceptual, desafiando as normas estéticas e sociais do seu tempo.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redacción, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 2. ARTE E EXPRESIÓN. (2 puntos)

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de Joseph Mallord William Turner. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.

- Características do Romanticismo e características formais da obra, ata 0,75 puntos.

- Tratar a obra de Turner, ata 0,5 puntos.

- Citar outros artistas relacionados, ata 0,5 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 3. VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (2 puntos)

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de Wassily Kandinsky. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.

- Características da Arte Abstracto e características formais da obra, ata 0,75 puntos.
- Tratar sobre a obra de Kandinsky, ata 0,5 puntos.
- Citar outros artistas relacionados, ata 0,5 puntos.
- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 4. OS FUNDAMENTOS DA ARTE. (2 puntos)

Atendendo ao contenido simbólico e á diferenza de percepción entre a época das obras propostas e a actualidade, compare unha delas con obras doutros autores ou autoras, ainda que sexan de diferentes disciplinas artísticas:

4.1. “*The Burning of the House of Lords and Commons, 16th October 1834*” de Turner. (2 puntos)

4.2. “*Improvisation Klamm*” de Kandinsky. (2 puntos)

Tras a elección da cuestión a desenvolver valorarase a exposición clara das ideas, segundo os seguintes criterios:

- Aspectos xerais da obra, ata 0,75 puntos.
- Emprego de terminoloxía específica da arte, ata 0,5 puntos.
- Aportacións persoais, ata 0,5 punto.
- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.